

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Miguel Muñoz Cantero e Nona Inés Vilariño.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor informa da sinatura, o pasado venres 22, do convenio marco de colaboración co Concello da Coruña. Un instrumento global, co que se estreitan as relacións institucionais co Concello para a consecución de obxectivos comúns no ámbito das infraestruturas, o emprego, o deporte, a cultura etc. A constitución dos seis grupos de traballo deberá desenvolverse antes do 30 de decembro.

Tamén informa da presentación, o pasado día 12 de novembro, dunha alegación conxunta das tres universidades ao proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma. A alegación presentouse simultaneamente a todos os grupos parlamentarios e á Consellaría de Facenda. Os obxectivos fundamentais desta alegación eran dous: corrixir o proxecto de lei para adaptalo ás emendas introducidas polo Grupo Parlamentario Popular á lei xeral do orzamentos do Estado (as prazas de contratado laboral fixo entran dentro da taxa de reposición); e substituír o sistema de control previo das prazas de contratado laboral temporal por un sistema de control *a posteriori* (emenda ao artigo 36), que facilite a xestión e respecte a autonomía universitaria. Estamos pendentes de saber a valoración que faga o Partido Popular e a Consellaría de Facenda destas emendas.

O reitor informa de que onte se reuniu a Mesa do Claustro, que acordou aprobar a convocatoria do Claustro universitario para o vindeiro 4 de decembro.

Así mesmo, o reitor informa do cesamento, por pedimento propio, do representante do PAS laboral e presidente do Comité de Empresa Enrique José Pena Pérez, que estaba nomeado polo reitor como representante no

Consello de Goberno. No seu lugar, o reitor vén de nomear a María Teresa Rey Souto. O reitor propón que María Teresa Rey substitúa a Enrique Pena nas comisións delegadas do Consello de Goberno en que este era membro. Así se acepta por asentimento do Consello de Goberno.

Por último, informa do nomeamento de Ana González Tizón como directora da Unidade de Divulgación Científica.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da resolución das convocatorias de axudas predoutorais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (11 de 94 axudas concedidas en total) e da publicación das convocatorias do Programa estatal de fomento da investigación científica e técnica de excelencia e do Programa estatal de fomento da I+D+i orientada aos retos da sociedade, ambos os dous do MINECO. O vice-reitor dá conta tamén da constitución dos órganos de dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC e da sinatura dun convenio entre a Xunta e as tres universidades galegas para financiar parcialmente o gasto corrente e de persoal dos centros de investigación singulares, entre eles o CITIC da UDC.

Así mesmo, o vice-reitor informa da próxima celebración na UDC, o día 2 de decembro, dunha xornada informativa sobre o Horizonte 2020 aberta non só á comunidade universitaria, senón tamén a empresas, institucións colaboradoras coa UDC e outras universidades. Tamén informa doutra xornada formativa, o día 17 decembro, orientada á preparación de propostas, e dirixida aos investigadores da UDC.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa de que o pasado 5 de novembro tivo lugar unha reunión na Secretaría Xeral de Universidades para tratar a situación de matrícula dos distintos mestrados dos títulos que desaparecen da oferta das tres universidades, en aplicación do Decreto 222/2011. No caso da UDC xa non se ofertan para este curso os mestrados de Procuraduría, Urbanismo, Arquitectura Sanitaria, Mestrado de Políticas Públicas, Mestrado de Xestión da Discapacidade e da Dependencia.

Tamén informa de que se fixo unha actualización da versión da plataforma do correo electrónico (Zimbra) durante a ponte do día 1. Agradece aos membros do servizo informático o seu esforzo e a paciencia dos usuarios e usuarias do servizo de correo electrónico.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da convocatoria de tres prazas polo procedemento de urxencia: profesor/a asociado P06 de Didáctica da Expresión Corporal, por baixa de maternidade da titular da praza; unha praza de profesor/a interino de substitución de Didáctica da Lingua e da Literatura (P06), por renuncia do contrato da profesora María José Caamaño Rojo; e outra praza de contratado interino de substitución P06 de Biblioteconomía e Documentación, para cubrir a docencia da titular, Carmen Pérez Pais, actualmente en situación de IT.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que, desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 46.280,05 € euros e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 21 de novembro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 346.743,45 € no expediente C-0014-13.

Dá conta tamén da intención da Dirección Xeral de Orzamentos e Planificación de promover en tramitación parlamentaria a modificación límite de masa salarial do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2014 (art. 34) para igualalo ao da de 2013, atendendo a suxestión das tres universidades.

Tamén informa da conclusión do procedemento de elaboración da planificación estratéxica. O documento final foi publicado na web, pendente de aprobación definitiva por parte do Claustro universitario do día 4 de decembro. A vice-reitora fai un repaso do procedemento de elaboración da planificación estratéxica, que foi moi intenso en traballo e amplo en participación dos distintos grupos interesados.

A **vice-reitora de Estudantes, Deportes e Cultura** informa da realización no pasado mes de outubro do segundo Módulo de Emprendemento impartido pola Escola de Organización Industrial a que asistiron 25 estudantes seleccionados de entre 40 presentados. Así mesmo, tivo lugar nesas datas o Foro Xuventude en Movemento, en colaboración coa Deputación e Europe Direct, que acadou cerca de cincocentas inscricións no total de obradoiros propostos. Tamén neste mes de outubro tivo lugar a primeira edición do programa *Compete x Galicia/Compete Barrié*. Por fin, esta mesma semana estase a desenvolver a Semana de Cooperativismo en colaboración coa Rede Eusumo no campus de Ferrol. Todas estas accións

están encamiñadas a mellorar as habilidades do estudiantado de cara á súa empregabilidade.

Relacionado co anterior, informa de que, ao abeiro dun convenio asinado entre a CRUE, La Caixa e a Cátedra Unesco de Política Universitaria, o Observatorio Ocupacional da Universidade da Coruña coordinará os traballos de revisión dos criterios aplicados na medición da inserción laboral dos egresados para as universidades do Noroeste, sendo o noso observatorio unha das 10 entidades coordinadoras.

A continuación informa da exposición *As tácticas do inimigo* que leva unhas semanas en Normal e da exposición do fotógrafo David Catá en Ferrol. Informa tamén de que a exposición *Elas fan tech* está nestes momentos na Sala X de Pontevedra e comenta que os obradoiros de cultura suman un centenar de usuarios.

O pasado mércores tiveron lugar en Vilanova do Cebreiro os Xogos Galaicos Durienses, en que participan as 6 universidades da rexión transfronteiriza. A UDC estivo presente con 35 participantes nas modalidades de fútbol sala, baloncesto e xadrez, quedando terceira na clasificación xeral. Informa de que nestes momentos a Área de Deportes conta con 3 200 usuarios no conxunto das actividades propostas. Informa, asemade da celebración da semana do Deporte do 1 ao 5 de decembro na que se entregará o VI Premio Deporte UDC que nesta edición recaeu no Club de Rugby de Arquitectura Técnica (CRAT).

O próximo día 27 terá lugar a VI Feira de Asociacións de Estudantes da UDC no Pavillón de Estudantes entre as 10:00 e as 19:30, hora en que se sortearán os agasallos. Esta vez participarán unha ducia de asociacións. Resolveuse a Segunda convocatoria de xornadas e ciclos de conferencias para este ano 2013. E, finalmente, anuncia que o día 11 de decembro haberá unha xuntanza informativa para aqueles membros do PAS e do PDI que participan no programa de difusión dos títulos. Aproveita para agradecer a colaboración de todos eles.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social informa de que a pasada semana se entregaron no Concello de Ferrol os premios de investigación Enxeñeiro Comerma e Antonio Usero, que premian traballos realizados no ámbito da enxeñería industrial e das ciencias do traballo. As premiadas foron as enxeñeiras Vanesa Zorrilla Muñoz que recibiu o premio Antonio Usero polo seu traballo *“Trastornos musculoesqueléticos de orixe laboral en actividades mecánicas do sector*

da construción” e Silvia Espinosa Gútez gañadora do Premio Enxeñeiro Comerma polo traballo “Deseño de una máquina de ultrasóns para o aumento da eficiencia da quimioterapia”.

O día 11 de novembro resolveuse a convocatoria de axudas da UDC para Estudantes con Necesidades Educativas Especiais que teñan recoñecida legalmente a condición de minusvalía. Ofertábanse 24 bolsas cunha contía económica de 25 848 euros. Houbo 14 solicitudes que cumprían os requisitos da convocatoria e, por conseguinte, todas as persoas solicitantes acadaron a axuda por un importe de 1 077,00 €brutos cada unha.

O día 19, no Salón de Graos da Facultade de Socioloxía ás 12:00h Luisa Posada, profesora da UCM, impartiu a conferencia “Otro género de violencia”.

O día 29, no salón de actos do campus de Ferrol, haberá unha charla-coloquio sobre a trata de mulleres. Interven en Silvia Pérez, socióloga especializada en violencia de xénero e Miguel Pajares, doutor en antropoloxía social e autor da novela negra *Cautivas* que desenvolve o tema da trata de mulleres.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa de que a semana pasada se reuniu a sectorial de internacional da CRUE (CICUE), en que se informou sobre as últimas novidades nesta materia e dos resultados dos diferentes grupos de traballo. A UDC coordinará o grupo de internacionalización en casa.

Respecto da situación dos Erasmus con referencia ás axudas do MECD, como é sabido, a Orde de 29 outubro de 2013 cambiou a situación que viña sendo habitual para os bolseiros Erasmus, sendo que, para a citada resolución, no curso 2013/2014 só pasarían a percibir a axuda complementaria os que foran bolseiros xerais do MECD. Este cambio, que se produce cando os bolseiros xa están fóra, foi rectificad publicamente polo ministro algúns días despois, aínda que polo de agora non se publicou a nova orde complementaria. Desde a UDC informamos da situación en todo momento aos nosos estudantes internacionais e sumámonos ás accións de presión fronte ao Ministerio, finalmente canalizadas a través de CICUE. Polo que respecta ao novo programa *Erasmusplus* vén de o aprobar o Parlamento europeo, cun orzamento de 14 700 millóns, en que se engloban tres accións distintas e se inclúen outros programas, antes diferenciados. Acerca do montante do chamado tramo europeo das bolsas Erasmus, non temos aínda novas concretas deste particular. A Axencia nacional

(OAPEE) convocounos os días 10-11 de decembro para completar a información de cara á vindeira convocatoria.

Para o ano 2014/2015, á marxe das convocatorias de mobilidade habituais, haberá unha convocatoria diferenciada para Noruega, Islandia e Liechtenstein, xa que nos concederon 39 000 euros do proxecto NILS de Ciencia e Sustentabilidade para mobilidade específica de estudantes de grao e mestrado para eses países.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, de que con data de onte, 25 de novembro, e tras o acordo da Comisión negociadora, se asinou o Acordo de prórroga do III Convenio colectivo do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña, que será remitido á autoridade laboral para o seu depósito, rexistro e publicación.

Infórmase tamén de que con data 18 de novembro actual se ditou resolución para a tramitación anticipada das incorporacións a 2014 dos créditos correspondentes aos contratos laborais de capítulo 6. Finalmente, con data 21 de novembro aprobouse o procedemento administrativo para a xustificación das incorporacións de créditos do orzamento de gastos de 2013 ao orzamento de 2014.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro

Sométese á aprobación do Consello a acta da sesión ordinaria do 29 de outubro.

A profesora María Jesús Lorenzo Modia solicita completar o nome do título de mestrado na páxina 3 da acta: “*Mestrado de Literatura, Cultura e Diversidade*” da Facultade de Filoloxía.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en once (11) convenios marco, trinta e tres convenios específicos (33), e trinta e seis convenios para prácticas (36) e que cumpriron todos os trámites

preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A profesora María Jesús Lorenzo Modia solicita que se corrixa o título dos dous primeiros convenios marco, especificando que se trata de mestrados da Facultade de Filoloxía.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de premios á excelencia no bacharelato

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, que expón a listaxe de premios á excelencia no bacharelato, proposta pola Comisión delegada de Extensión Universitaria.

Apróbase por asentimento a listaxe e incorpórase como **anexo IV**

5. Proposta de aceptación polo Consello Social da doazón dunha maqueta da Casa do Patín

A vicerreitora do campus de Ferrol solicita proporlle ao Consello Social do vindeiro mes a aceptación da doazón dunha maqueta réplica da Casa do Patín, que se pretende doar sen cargas á Universidade da Coruña.

A proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo V**.

6. Renovación e aprobación de títulos propios

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicita a aprobación da renovación de dous cursos de especialización específica de posgraos: Responsabilidade Social e o de Protocolo, Comunicación e Imaxe Corporativa.

Tamén expón as propostas de novos títulos propios: Mestrado en Loxística e Transporte e dous cursos de formación especializada (BIM) e Modelización Acústica 3D na Edificación: do Proxecto á Obra

Modificación do nome dun título que pasa a denominarse: Curso de Especialización en Xestión Empresarial e Tecnoloxía.

Na quenda aberta de intervencións, Ernesto Vázquez-Rey solicita impulsar unha reforma da normativa de posgraos propios porque considera

demasiado laxa a regulación das direccións e codireccións. O equipo de goberno toma nota do pedimento.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **Anexo VI**

7. Aprobación, se proceder, da Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2012

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social, quen expón os principais contidos da memoria de RSU. Tamén agradece as suxestións achegadas por Nuria Vieira Sousa, que contribúen a mellorar a calidade do documento, en particular sobre a correcta descrición da realidade do PAS.

Na quenda de intervencións, María Luisa Sánchez Simón opina que, dentro da acción social do persoal da UDC, parece que o único persoal é o PAS, e non se lembra do PDI. Na páxina 70 fálase do “Estatuto” da UDC. Na páxina 72 segue falándose do PAS. Considera que non se cumpre o EBEP porque non hai unha mesa xeral do persoal da UDC.

Tras o debate anterior, apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VII**

8. Aprobación, se proceder, do Plan de igualdade de xénero da UDC

A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social lembra a obrigatoriedade, prevista no EBEP, de redactar plans de igualdade de xénero. Neste sentido, xa no pasado mes de decembro do 2012 se aprobou o diagnóstico de xénero da UDC, paso previo para a correcta formulación do plan de igualdade. A comisión para a elaboración e seguimento deste plan aprobou o documento de maneira consensuada o pasado día 19 de novembro. Terá unha vixencia de catro anos.

María Luisa Sánchez Simón considera que a Lei obriga a que se negocie cos representantes dos traballadores, cousa que non se fixo, porque o prazo de alegacións que se deu foi moi breve. O que se fixo foi unha consulta. Porén, considera que o plan era necesario, e que se debería revisar cada dous anos, negociando esa revisión. Fai tamén unhas suxestións de mellora da redacción do texto.

Pedro Gil Manso solicita que, na páxina 12, abaixo, se introduzan os titulares de escola universitaria (TEU). A vicerreitora asente a corrección solicitada.

Ana Iglesias Galdo pon en valor a propia existencia do plan, e que se implique toda a comunidade universitaria na consecución da igualdade de xénero, que é un valor non acadado, e mesmo en situación de regresión na actualidade. Dálles os parabéns á vicerreitora e ao equipo de goberno por ter proposto o texto.

A vicerreitora contesta ás intervencións anteriores. Respecto do ámbito de aprobación, a comisión asesora integraba os representantes das xuntas de persoal e dos comités de empresa, tanto do PDI como do PAS. É certo que houbo apremo na fase final, por cuestións de prazos, pero considera que o resultado é bo. Valora positivamente que se faga unha revisión bianual do Plan, o cal é compatible coa vixencia cuatrianual do marco planificador. Agradece tamén a intervención da profesora Iglesias.

O reitor pecha as intervencións dándolles os parabéns aos membros da comisión que desenvolveu o plan, por ter acadado o primeiro plan de igualdade de xénero, que agora haberá que aplicar e seguir para que sexa efectivo.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VIII**

9. Aprobación, se proceder, do protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e acoso por razón de xénero da UDC

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social retoma a palabra e expresa que o plan de igualdade esixe a existencia dun protocolo específico para a protección e prevención de situacións de acoso sexual ou por razón de xénero. Tamén para este protocolo se aproba unha comisión de seguimento. A mediación é o procedemento máis acaído para resolver estas cuestións.

A vicerreitora, por último, lembra que se aproba este protocolo ao día seguinte do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX** á acta deste Consello de Goberno.

10. Modificación da normativa de reducións por cargos académicos da UDC

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a modificación da normativa de reducións por cargos académicos da UDC no POD, aprobada no Consello de Goberno na súa sesión do 3 de abril de 2008, modificada no Consello de Goberno do 12 de maio de 2009 e no do 29 de maio de 2012.

A nova redución refírese á integración nas comisións de programas de doutoramento: redución de 2,5 créditos (25 horas) das activades docentes por programa de doutoramento. Esta redución distribuirase entre o profesorado que compoña a Comisión do programa. A proposta de distribución a realizaraa a comisión e nela indicará o número de horas que lle corresponde a cada docente. Esta redución será incompatible con calquera outra das incluídas na Normativa de reducións por cargo académico no POD.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**

11. Prazas de PDI laboral temporal

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización da convocatoria de dúas prazas de PDI contratado interino de substitución; un para a Área de Organización de Empresas (P05), e outra de ciencias da Computación e da Intelixencia Artificial (con dedicación total).

Tamén se solicita autorización para unha praza de asociado P03 para docencia no Mestrado Universitario de Enxeñaría Informática.

Todas as prazas contan con informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **Anexo XI**

12. Venias docentes

O vicerreitor de Profesorado solicita a concesión de venia docente durante o curso académico 2013/2014 para impartir docencia no centro adscrito de Turismo (materia Xestión da Calidade) á profesora María de las Mercedes Carreño de Vicente. Conta co informe favorable do Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XII**

13. Renovación e proposta de nomeamento de profesores honorarios

O vicerreitor de profesorado propón o nomeamento como honorario do profesor Antonio Fernández García, da Área de Enxeñaría Mecánica da Escola de Náutica e Máquinas, desde o 1 de outubro de 2013 ao 30 de setembro de 2015.

Tamén solicita a renovación (primeira prórroga) do profesor honorario Ramón Gómez Rodríguez, da Área de Máquinas e Motores Térmicos. Do 1 de outubro de 2013 até o 30 de setembro de 2015.

Ambos os nomeamentos contan con informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **Anexo XIII**

14. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Nuria Vieira solicita que o equipo de goberno aboe a parte proporcional da paga extra do ano 2012, unha vez que o TSXG lle deu a razón aos sindicatos nos conflitos colectivos do ámbito do PDI e PAS laboral. Tamén se interesa pola presenza de gas radon nas dependencias do SAPE. Considera que non se deu información, e debe haber un protocolo de actuación máis transparente, con recoñecementos médicos específicos aos traballadores que estiveron expostos ao gas.

Sonia Souto interésase de novo polos efectos da avaliación da ANEP nos pagamentos das contías reservadas aos grupos de investigación para este ano.

Ernesto Vázquez-Rey agradécelle ao Consello de Goberno a aprobación do plan de igualdade e o protocolo de actuación contra o acoso sexual, mais solicita tamén que se continúe nesta senda facendo un protocolo contra o acoso escolar por razón de orientación sexual. Tamén considera que a profesora Sánchez Simón debería denunciar o seu dereito á negociación, se considera que hai vulneración deses dereitos.

Marisa Sánchez Simón considera que as denuncias non serven para moito, que o importante é presionar politicamente para que se cumpra a lei. Lembra que se gañou a sentenza no conflito colectivo interposto polos

sindicatos do PDI laboral. Tamén se interesa pola situación do ámbito de representación dos traballadores do capítulo VI.

Anxo Calvo pregunta sobre as obras de asfaltado dunha parte do campus de Elviña: vaise continuar asfaltando o resto do campus? Propón tamén que se instale sinalización á entrada do campus, para que se orienten os visitantes sobre a situación de cada edificio.

O secretario xeral explica o posicionamento do equipo de goberno sobre os conflitos colectivos abertos polo tema da paga extra.

O xerente contesta sobre o problema do gas radon no edificio do SAPE.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia solicítalle máis información sobre o problema sinalado pola profesora Souto. Di que non se ingresou nada no seu departamento pola tardanza en chegar a avaliación da ANEP. O vicerreitor considera que hai que facer unha análise do problema concreto.

Sobre a representación do persoal do capítulo VI, o xerente aclara que, unha vez rematada a prórroga do convenio colectivo do PAS laboral, se abrirá a negociación respecto do ámbito de representación do persoal do capítulo VI.

Sobre o asfaltado do campus de Elviña, a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas agarda que en breve se reconduza, no marco do grupo de traballo do convenio co concello da Coruña. Estase xa a traballar nun convenio específico para ordenar a titularidade das vías. O Concello ten xa reservado un crédito importante para o asfaltado integral, pero pola súa contía debe tramitarse un expediente de contratación nos vindeiros meses. Calcula que estará para a vindeira primavera.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:15 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito